

## **Guía resumen**

Programa PEL- CONCELLOS\_ Axudas ao sector das  
orquestras e verbenas

PEL- CONCELLOS OV/2022

**2022**

## GUÍA RESUMO

### PEL- CONCELLOS\_Axudas ao sector das orquestras e verbenas

1.DESTINATARIOS/AS.....	3
2. EXCLUSIÓNS.....	4
3. PRAZO PARA PRESENTAR A SOLICITUDE.....	5
4. FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE.....	5
5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.....	5
6. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN E PAGO.....	6
7. COMPROMISOS E OBRIGAS.....	6
8. PERÍODO E GASTOS SUBVENCIONABLES.....	7
<b>ANEXOS.....</b>	<b>9</b>

## PEL- CONCELLOS \_ Axudas ao sector das orquestras e verbenas

### 1. DESTINATARIOS/AS

Son destinatarios deste programa os **concellos da provincia da Coruña cunha poboación menor de 50.000 habitantes**, que poderán destinar a achega provincial a:

1. **Contratar directamente as orquestras para a realización de festas patronais e populares**, que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre do seu termo municipal, para disfrute de toda a poboación.

2. **Subvencionar ás comisións organizadoras de festas patronais e populares** que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre do seu termo municipal, para contratar orquestras para as ditas festas patronais e populares. Estas comisións deberán dispoñer de capacidade xurídica e fiscal acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal (CIF/NIF).

- **Requisitos das comisións organizadoras de festas patronais e populares para a contratación de orquestras**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades legalmente constituídas como asociacións, ou comisións de festas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Dispoñer de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal (CIF/NIF)
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Desenvolver as súas actividades nun concello da provincia de menos de 50.000 habitantes.
- d) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda ante o concello no que desenvolve a súa actividade para o mesmo obxecto para o que solicita a axuda.
- e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, co concello e coa seguridade social.
- f) Non estar incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

- **Requisitos das orquestras que se van contratar**

As empresas titulares de orquestras que se van contratar deberán cumprir cos requisitos seguintes:

- Ter o seu domicilio fiscal e social en Galicia.
- Ter unha **antigüidade mínima de 2 anos de exercicio continuado na actividade, a considerar dende a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade.
- Declarar responsablemente que ten unha composición mínima de 6 membros, dos cales alomenos 4, deberán na súa actuación tocar un instrumento musical.
- Declarar responsablemente que o 80 por cento da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.

## 2. EXCLUSIÓNS

**Quedan excluídos os concellos cunha poboación maior de 50.000 habitantes.**

Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartelería, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, **sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.**

## 3. PRAZO PARA PRESENTAR A SOLICITUDE

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de axudas iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do extracto de convocatoria no BOP de A Coruña e finalizará **ás 14:00 horas do 30 de xuño de 2022.**

## 4. FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

As entidades locais interesadas en participar en cada convocatoria deberán presentar unha solicitude a través do apartado correspondente á convocatoria da **plataforma telemática Subtel** (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>) cubrindo os campos da solicitude e presentando toda a información que se solicita, téndose por non presentadas as rexistradas fóra da plataforma Subtel.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade local interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

**Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade local** en cada convocatoria, salvo as excepcións establecidas nas bases específicas. No caso de presentación de varias solicitudes nunha mesma convocatoria, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

## 5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

No momento da solicitude os concellos interesados deberá solicitar a súa adhesión ao programa e subministras a seguinte documentación, segundo os modelos dispoñibles na plataforma SUBTeL sede.dacoruna.gal/subtel/:

- **Certificado de adhesión** firmado dixitalmente pola secretaría, co visto e prace da alcaldía/presidencia ou concelleiro/a na que delegue.
- **Memoria descritiva das festas patronais e populares** para as que se van realizar as contratacións obxecto do programa, asinada dixitalmente pola alcaldía/ presidencia ou persoa en quen delegue.

## 6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E PAGO

O procedemento de concesión das axudas será o de **concorrenza non competitiva**.

Logo de revisar as solicitudes presentadas, o órgano competente resolverá a aprobación do programa coa concesión das achegas correspondentes aos concellos solicitantes, logo dos preceptivos informes previos do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica e da Intervención Provincial.

Os concellos de menos de 50.000 habitantes **poderán solicitar, como máximo, a contía do módulo que lles corresponda**, en función da porcentaxe resultante de dividir o número de habitantes do concello entre o número total de habitantes nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia, segundo figura no Anexo I das presentes bases.

A resolución destas axudas terá carácter de concesión definitiva.

As contías dos módulos determínanse de acordo cos seguintes tramos de asignación:

Módulo	Concellos	Tramos de asignación de porcentaxes	Importe máximo a conceder
1	Cerdido, Somozas (As), Toques, Moeche, Vilarmaior, Vilasantar, Capela (A), Mañón, Irixoa, Santiso, Corcubión, Sobrado, Aranga, Coirós, Monfero, Boimorto	Ata 0,42%	3.000,00 €
2	Frades, Paderne, Mesía, Dodro, San Sadurniño, Dumbria, Laxe, Trazo, Tordoia, Lousame, Cabanas, Baña (A), Touro, Cariño, Mazaricos, Val do Dubra, Carnota	Máis de 0,42 ata 0,84%	5.000,00 €
3	Curtis, Cabana de Bergantiños, Boqueixón, Zas, Rois, Muxía, Pino (O), Fisterra, Cerceda, Neda, Vedra, Oza- Cesuras, Camariñas, Mugaridos, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Ortigueira, Abegondo, Coristanco, Arzúa, Ares	Máis de 0,84 ata 1,31%	7.000,00 €
4	Outes, Miño, Carral, Cedeira, Negreira, Bergondo, Valdoviño, Vimianzo, Melide, Oroso, Cee, Pontedeume, Brión, Padrón, Muros	Máis de 1,31 ata 1,83%	9.000,00 €
5	Porto do Son, Santa Comba, Pobra do Caramiñal (A), Pontes de García Rodríguez (As)	Máis de 1,83 ata 2,19%	11.000,00 €
6	Rianxo, Laracha (A), Ordes, Fene, Betanzos	Mái de 2,19 ata 2,84%	13.000,00 €
7	Noia, Sada, Teo, Boiro	Máis de 3%	15.000,00 €

Os concellos poderán solicitar ata o 100% do orzamento de gastos previsto; non obstante, o importe máximo a conceder será o fixado na táboa anterior.

**No caso de que non todos os concellos soliciten a subvención ou que soliciten un importe inferior ao que lles correspondería, producirase un sobranse no importe total da convocatoria que será obxecto de reparto entre o resto dos solicitantes.**

O aboamento da subvención farase efectivo nun único pago logo de comprobar que o concello:

- Presentou a documentación xustificativa, segundo se recolle no anexo de documentación das presentes bases no punto 2 da xustificación.
- Cumpre coas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Seguridade Social e Deputación Provincial da Coruña, circunstancia que comprobará a Deputación telematicamente.

**As axudas son compatibles coa percepción doutras axudas públicas procedentes, tanto da Deputación como de calquera outra entidade pública.**

## 7. COMPROMISOS E OBRIGAS

Os compromisos e obrigas das persoas beneficiarias ou entidades son os recollidos na base xeral 4.

## 8. PERÍODO E GASTOS SUBVENCIONABLES

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido **entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022**, polo que **as contratacións das orquestras poderán realizarse dentro deste período** e, en consecuencia, non poderán imputarse ao programa gastos realizados con posterioridade.

O importe da achega provincial poderá destinarse a:

1. **Contratar directamente as orquestras para a realización de festas patronais e populares**, que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre no termo municipal, para desfrute de toda a poboación.
2. **Subvencionar ás comisións organizadoras de festas patronais e populares** que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre no termo municipal, para contratar orquestras para as ditas festas patronais e populares. Estas comisións deberán dispoñer de capacidade xurídica e fiscal de conformidade co disposto na base 4.2 das específicas desta convocatoria.

Os gastos subvencionables son os os correspondentes aos seguintes conceptos contables:

Conta	Descrición da conta
607	<b>Traballos realizados por outras empresas</b> Nesta conta consignarase o importe do gasto previsto para a contratación directa polo concello de orquestras que cumpran os requisitos establecidos nestas bases.
650	<b>Transferencias</b> Nesta conta consignarase o importe do gasto previsto como subvención a comisións organizadoras de festas populares e tradicionais para a contratación de orquestras que cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

**Os concellos poderán facer previsión de gasto nos dous conceptos contables subvencionables ou escoller só un deles.**

**IMPORTANTE:**

- Só poderán adherirse ao programa os concellos cunha poboación menor de 50.000 habitantes.
- Os concellos poderán destinar a axuda a:
  - Contratar directamente as orquestras para a realización de festas patronais populares, que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre do seu termo municipal.
  - Subvencionar ás comisións organizadoras de festas patronais e populares que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre do seu termo municipal, para contratar orquestras para as ditas festas patronais e populares. As comisións deberán dispoñer de capacidade xurídica e fiscal de conformidade co disposto na base 4.2 das específicas do programa.
- Os concellos poderán acollerse ás dúas modalidades ou escoller só unha delas.
- Os concellos só poderán solicitar as contías máximas do módulo que lles corresponda para os conceptos indicados.

**ANEXOS**
**ANEXO 1. MÓDULOS QUE SE HAN FINANCIAR**

CONCELLO	TOTAL POBOACIÓN	PORCENTAXE TOTAL POBOACIÓN CONCELLO/TOTAL POBOACIÓN CONCELLOS<50.000 HABITANTES	MÓDULO
Cerdido	1.075	0,15097826896041	3.000,00 €
Somozas, As	1.076	0,15111871386177	3.000,00 €
Toques	1.101	0,15462983639573	3.000,00 €
Moeche	1.200	0,16853388163023	3.000,00 €
Vilarmaior	1.219	0,17120233475604	3.000,00 €
Vilasantar	1.219	0,17120233475604	3.000,00 €
Capela, A	1.242	0,17443256748729	3.000,00 €
Mañón	1.309	0,18384237587831	3.000,00 €
Irixoa	1.340	0,18819616782042	3.000,00 €
Santiso	1.529	0,21474025417718	3.000,00 €
Corcubión	1.606	0,22555451158179	3.000,00 €
Sobrado	1.778	0,24971103461546	3.000,00 €
Aranga	1.833	0,25743550419017	3.000,00 €
Coirós	1.873	0,26305330024452	3.000,00 €
Monfero	1.908	0,26796887179206	3.000,00 €
Boimorto	1.943	0,27288444333961	3.000,00 €
Frades	2.306	0,32386594253276	5.000,00 €
Paderne	2.393	0,33608464895095	5.000,00 €
Mesía	2.479	0,34816291046778	5.000,00 €
Dodro	2.710	0,38060568268160	5.000,00 €
San Sadurniño	2.812	0,39493106262017	5.000,00 €
Dumbría	2.927	0,41108222627640	5.000,00 €
Laxe	3.004	0,42189648368101	5.000,00 €
Trazo	3.059	0,42962095325572	5.000,00 €
Tordoia	3.228	0,45335614158531	5.000,00 €
Lousame	3.235	0,45433925589482	5.000,00 €
Cabanas	3.359	0,47175442366328	5.000,00 €
Baña, A	3.389	0,47596777070404	5.000,00 €
Touro	3.495	0,49085493024804	5.000,00 €
Cariño	3.763	0,52849416381212	5.000,00 €
Mazaricos	3.806	0,53453329457054	5.000,00 €



Val do Dubra	3.816	0,53593774358413	5.000,00 €
Carnota	3.854	0,54127464983575	5.000,00 €
Curtis	4.081	0,57315564244414	7.000,00 €
Cabana de Bergantiños	4.185	0,58776191218542	7.000,00 €
Boqueixón	4.186	0,58790235708678	7.000,00 €
Zas	4.384	0,61571044755577	7.000,00 €
Rois	4.493	0,63101894180385	7.000,00 €
Muxía	4.564	0,64099052980030	7.000,00 €
Pino, O	4.639	0,65152389740219	7.000,00 €
Fisterra	4.714	0,66205726500408	7.000,00 €
Cerceda	4.996	0,70166272718718	7.000,00 €
Neda	5.032	0,70671874363609	7.000,00 €
Vedra	5.032	0,70671874363609	7.000,00 €
Oza-Cesuras	5.170	0,72610014002357	7.000,00 €
Camariñas	5.224	0,73368416469693	7.000,00 €
Mugardos	5.226	0,73396505449964	7.000,00 €
Malpica de Bergantiños	5.332	0,74885221404365	7.000,00 €
Ponteceso	5.457	0,76640782671346	7.000,00 €
Ortigueira	5.485	0,77034028395150	7.000,00 €
Abegondo	5.494	0,77160428806373	7.000,00 €
Coristanco	5.878	0,82553513018540	7.000,00 €
Arzúa	5.964	0,83761339170223	7.000,00 €
Ares	5.997	0,84224807344707	7.000,00 €
Outes	6.150	0,86373614335492	9.000,00 €
Miño	6.423	0,90207760142580	9.000,00 €
Carral	6.574	0,92328478153093	9.000,00 €
Cedeira	6.650	0,93395859403418	9.000,00 €
Negreira	6.775	0,95151420670400	9.000,00 €
Bergondo	6.817	0,95741289256106	9.000,00 €
Valdoviño	6.872	0,96513736213577	9.000,00 €
Vimianzo	6.925	0,97258094190778	9.000,00 €
Melide	7.427	1,04308428238975	9.000,00 €
Oroso	7.530	1,05755010722968	9.000,00 €
Cee	7.568	1,06288701348131	9.000,00 €
Pontedeume	7.687	1,07959995674297	9.000,00 €
Brión	7.957	1,11752008010977	9.000,00 €

Padrón	8.317	1,16808024459884	9.000,00 €
Muros	8.399	1,17959672651024	9.000,00 €
Porto do Son	9.155	1,28577307193728	11.000,00 €
Pobra do Caramiñal, A	9.291	1,30487357852204	11.000,00 €
Santa Comba	9.359	1,31442383181442	11.000,00 €
Pontes de García Ro- dríguez, As	10.032	1,40894325042871	11.000,00 €
Rianxo	11.004	1,54545569454919	13.000,00 €
Laracha, A	11.521	1,61806570855155	13.000,00 €
Ordes	12.605	1,77030798162419	13.000,00 €
Fene	12.832	1,80218897423257	13.000,00 €
Betanzos	13.030	1,82999706470156	13.000,00 €
Noia	14.240	1,99993539534538	15.000,00 €
Sada	16.382	2,30076837405533	15.000,00 €
Teo	18.778	2,63727435771035	15.000,00 €
Boiro	18.955	2,66213310525081	15.000,00 €
Cambre	24.616	3,45719169184142	15.000,00 €
Ribeira	26.839	3,76940070756141	15.000,00 €
Culleredo	30.758	4,31980427598547	15.000,00 €
Carballo	31.414	4,41193613127666	15.000,00 €
Ames	31.993	4,49325372916324	15.000,00 €
Arteixo	32.894	4,61979458528727	15.000,00 €
Oleiros	36.922	5,18550664795941	15.000,00 €
Narón	38.913	5,46513244656423	15.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>712.023</b>	<b>100</b>	<b>704.000,00 €</b>